

AS EXPOSICIÓNS DO XACOBEO 2004

José Manuel García Iglesias
Francisco Singul


Universidade de Santiago de Compostela

O plan de promoción cultural do Goberno autonómico galego, organizado co gallo do Ano Xubilar Compostelán 2004, inclúe unha serie de mostras que se agrupan en tres grandes apartados.

SANTIAGO E OS SEUS CAMIÑOS. CULTO E CULTURA XACOBEO


Este ambicioso proxecto, formado por setenta e cinco exposicións, céntrase na cultura xacobeá; unhas teñen un obxectivo fundamentalmente promocional e están destinadas a viaxar polo exterior, especialmente por Europa; é o caso de *Sentimentos de Camiño*, mostra de carácter xeral, con contidos expresados a través da máis moderna tecnoloxía; outras, como *Camiño de Santiago. Luz e vida*, presentan un formato convencional; nela varios fotógrafos galegos de recoñecido prestixio presentan a súa idea da cultura xacobeá en Galicia.

Por outra banda, inclúense neste bloque outras exposicións que, empregando pezas de museos, igrexas, catedrais, mosteiros, coleccións visitables, etc., ofrecen profundas reflexións sobre a dimensión histórica das peregrinacións a Santiago de Compostela, o culto ó Apóstolo e a cultura xacobeá. *Stella Peregrinantium. A Virxe de Prima e o seu tempo*, *Luces de Peregrinación*, *Europa foi Camiño*, *Santiago e a Monarquía de España*, *En olor de santidad. Relicarios de Galicia* e *A viaxe a Compostela de Cosme III de Médicis* son algúns destes proxectos, centrados na arte, a historia e a cultura, en relación co mundo das peregrinacións xacobeas e o culto ó Apóstolo.



Cartel da exposición *Luces de Peregrinación*.

O terceiro grupo deste apartado profundiza, de xeito monográfico, nalgún aspecto concreto de Santiago e da súa historia cultural. *Modernismo Compostelán. Eclecticismo e vanguardia na arquitectura* e *Compostela e San Clemente de Pasantes* son dúas destas exposicións, que teñen como referencia a historia e a arte da cidade universal que é Santiago de Compostela.



Cadro da exposición *Galitzia en Galicia*.


A ARTE COMO DIMENSIÓN DA CULTURA

Partindo da idea de que Santiago de Compostela é un lugar de encontro e intercambio para a cultura internacional, este apartado propón nove exposicións de variada temática, que abordan aspectos moi diversos da historia da arte europea e mesmo internacional: a moda no século XX, os retratos dos nenos no renacemento, o barroco e a ilustración, as pegadas arqueolóxicas e artísticas que, na antiga Mesopotamia, deixaron as sucesivas culturas que pasaron por Persia ó longo de sete mil anos, etc. Este grupo de exposicións, tan variado nos seus conceptos, como atractivo nos seus contidos específicos, ten como obxectivo amosar as posibilidades dun rico abano cultural e artístico, froito do cruce de culturas, que pode ser aínda hoxe vital para o entendemento entre os pobos.

ARTE CONTEMPORÁNEA

A idea de que o Ano Santo debe ser tamén un tempo de oportunidade para a creatividade contemporánea refléctese neste conxunto de setenta e nove mostras. Por iso, preséntanse exposicións de artistas contemporáneos que empregan para expresarse formatos e técnicas diversas, uns tradicionais, outros de vangarda, tendo como horizonte conceptual a idea de que sen memoria e renovación a cultura non está viva, sexa cal sexa a etapa histórica e a sociedade que a produce.

Como complemento indispensable deste programa de exposicións, o proxecto deixará como pegada unha colección de catálogos, con contidos e imaxes fotográficas que serán unha nova referencia bibliográfica e mesmo iconográfica para os estudos posteriores sobre os diversos aspectos do Camiño de Santiago e a cultura xerada nas súas beiras. Especialistas, investigadores, curiosos e peregrinos terán recollido nestas publicacións o máis novidoso da investigación xacobeana nestes comezos do século XXI.



Campo de Estrelas.